

28 Septiembre de 2015 - Revista 1040

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 9

NOVAS DE EMPREGO / 10

EN PORTADA

Un total de 30 mozos e mozas achéganse a diversas profesións en 18 empresas de 4 concellos da Costa da Morte para decidir o seu futuro

Sábado, 26 Setembro 2015 19:10

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe no peche do proxecto 'O noso futuro na Costa da Morte' promovido por Camariñas, Mazaricos, Muxía e Vimianzo no marco do programa 'Deseñando o teu futuro'
- Este programa permite que máis de 400 mozos e mozas de entre 14 e 18 anos de toda Galicia coñezan a realidade laboral da profesión que queren escoller no futuro, antes de iniciar os seus estudos
- A directora xeral resaltou a importancia de promover iniciativas dirixidas a fomentar a educación non formal "porque impulsan valores como a creatividade, o espírito emprendedor, a responsabilidade, ou o traballo en equipo"
- Este ano por primeira vez publicouse un Decreto que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas en todos estes programas de educación non formal, de forma análoga ao que se vén facendo en materia de voluntariado

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe na xornada de peche do proxecto '**O noso futuro na Costa da Morte**' promovido pola agrupación de concellos de Camariñas, Mazaricos, Muxía e Vimianzo no marco do programa '**Deseñando o teu futuro**' da Consellería de Traballo e Benestar. Neste proxecto participaron un total de 30 mozos e mozas e 18 empresas dos catro concellos de diversos sectores: gandeiro, agrícola, hoteleiro, ocio e tempo libre, electricidade, téxtil, distribución e sanitario.

O programa '**Deseñando o teu futuro**' permite que en toda Galicia máis de 400 mozos e mozas de entre 14 e 18 anos coñezan a realidade laboral da profesión que queren escoller no futuro, antes de iniciar os seus estudos. Esta iniciativa artículase a través de estadias titorizadas en centros de traballo.

Deste xeito, os mozos e mozas achéganse ao día a día dun traballo, aos profesionais que o realizan, e ás esixencias e oportunidades que ofrece cada emprego, para axudalos a tomar decisións sobre o seu futuro profesional. Ao mesmo tempo, obteñen apoio en actividades de formación para a adquisición de coñecementos e habilidades que axuden a completar o seu desenvolvemento persoal e futura formación profesional.

A directora xeral resaltou a importancia de promover desde as administracións públicas as iniciativas dirixidas a fomentar a educación non formal "porque impulsan valores tan esenciais como a creatividade, a iniciativa, o espírito emprendedor, a responsabilidade,

ou o traballo en equipo". Polo tanto, destacou que a educación non formal pode axudar nun futuro a que un mozo ou moza atope un emprego, xa que tamén constitúe un "complemento primordial" á formación que se recibe nos centros regrados.

O departamento autonómico está a facer fincapé na experiencias de educación non formal e en todos aqueles programas que melloren a empregabilidade dos mozos, tal e como demostra o aumento dun 25% no orzamento destinado a este fin, que en 2015 alcanzará os 2,5 millóns de euros e superará os 4.000 beneficiarios, un 53% mais que en 2014.

Ademais, este ano por primeira vez publicouse un Decreto que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas en todos estes programas de educación non formal, de forma análoga ao que se vén facendo en materia de voluntariado. Isto ten convertido á Xunta na primeira administración de todo o Estado que valida de forma oficial a participación nestes programas.

Iniciativa Xove promove en Santiago a organización do primeiro Congreso galego de cultura urbana 'Xeración Hip Hop'

Sábado, 26 Setembro 2015 19:15

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe esta iniciativa, impulsada pola Asociación Vella Escola
- Están a participar 50 representantes de empresas e colectivos galegos dedicados ás distintas especialidades da cultura urbana
- Iniciativa Xove é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, no que a Administración financia proxectos deseñados pola mocidade

O **Centro Don Bosco de Santiago** acolle durante esta fin de semana o primeiro '**Congreso galego de cultura urbana: xeración hip hop**', organizado pola asociación Vella Escola no marco do programa de participación xuvenil Iniciativa Xove.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe neste evento, que conta con 50 representantes de empresas e colectivos galegos dedicados ás distintas especialidades da cultura urbana, que participarán en conferencias, relatos de experiencias, mesas redondas, mostras e un café-work. Ademais, tamén terá lugar a segunda edición do campionato local de breakdance Breakin the Beat, unha mostra de grafiti, un taller de beatbox, exhibicións de turntablism e concertos de rap.

Iniciativa Xove é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, no que a Administración financia proxectos presentados e deseñados pola mocidade. Poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas. Deste xeito, a xuventude galega pode "organizar, emprender e impulsar actividades por si mesma". A Consellería inviste neste programa un total de 500.000 euros este ano, para financiar 150 proxectos nos que participarán máis de 750 mozos e mozas. O orzamento máximo por iniciativa é de 4.000 euros, e sempre que se solicita, anticipase o 80 por cento do total da contía concedida.

“A tarefa da administración debe ser facilitar ferramentas como *Iniciativa Xove*, para que os mozos e mozas poidan potenciar o seu talento a través da participación xuvenil en programas de educación non formal, que supón o desenvolvemento de valores positivos e apreciados, como aptitudes organizativas e de planificación, ou traballo en equipo e toma de decisións”, explicou a directora xeral.

Neste sentido, recordou que esta será a primeira edición na que as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento de proxectos como *Iniciativa Xove* contarán cunha certificación oficial expedida pola Xunta. Galicia é a primeira comunidade autónoma, e polo de agora a única, que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.

Un grupo de mozos e mozas organizan unha mostra escultórica na Coruña grazas ao programa *Iniciativa Xove*

Luns, 28 Setembro 2015 20:58

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou hoxe na clausura de esta exposición, que se inaugurou o pasado día 11
- Os participantes son tamén os encargados de comisariar a mostra e xestionar os obradoiros
- *Iniciativa Xove* é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, no que a Administración financia proxectos deseñados pola mocidade

O **Fórum Metropolitano da Coruña** acolleu hoxe a clausura da mostra escultórica “**O valor do tempo**”, organizada polo colectivo **Xerión** grazas ao apoio do programa **Iniciativa Xove** da **Consellería de Traballo e Benestar**. A exposición, que se inaugurou o pasado día 11, recolle os traballados creados por estes mozos e mozas, todos eles estudantes do ciclo superior de escultura da **Escola Pablo Picasso**.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acudiu a este evento, no que, entre outras actividades, organizouse unha mostra-obradoiro de modelado en directo, na que se difundiron os procesos escultóricos aprendidos e no que se invitou ao público a participar de maneira activa realizando a súa propia peza.

O obxectivo desta mostra é revalorizar a produción do obxecto único e artesanal, a través de diferentes acabados e procesos de creación. Cabe salientar, ademais, que son os propios participantes os que comisariarían a mostra e xestionan os obradoiros.

Iniciativa Xove é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, no que a Administración financia proxectos presentados e deseñados pola mocidade. Poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas. Deste xeito, a xuventude galega pode organizar, emprender e impulsar actividades por si mesma.

A Consellería inviste neste programa un total de 500.000 euros este ano, para financiar 150 proxectos nos que participarán máis de 750 mozos e mozas. O orzamento máximo por iniciativa é de 4.000 euros, e sempre que se solicita, anticipase o 80 por cento do total da contía concedida.

Esta é, ademais, a primeira edición na que as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento de proxectos como **Iniciativa Xove** contarán cunha certificación oficial expedida pola Xunta. Galicia é a primeira comunidade autónoma, e polo de agora a única, que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Programa de Vountariado no Parque Nacional de Cabañeros (Toledo/Cidade Real)

Xoves, 24 Setembro 2015 07:10



Voluntariado en
Parques Nacionales
2015

SEO Birdlife organiza, xunto co **Organismo autónomo Parque Nacionais**, fins de semana de voluntariado no **Parque Nacional de Cabañeros**

Quendas:

Cabañeros 1: 30 de outubro - 1 de novembro (con chegada o 30 e volta o 1).

Cabañeros 2: 13 - 15 de novembro, (con chegada o 13 e volta o 15).

Actividades: Seguimento de poboacións de coello e accións de mellora das súas poboacións no Parque Nacional. Tarefas de rexeneración de planta autóctona. Eliminación de vexetación alóctona. Apoio a tarefas de uso público Limpeza de diferentes zonas dentro do Parque Nacional.

Observacións:

Durmirase en instalacións cedidas polo Parque Nacional, co cal se colaborará en tarefas de mantemento/limpeza das instalacións.

As comidas realizaranse en casas de comida da zona e o almorzo realizarase no mesmo lugar do aloxamento, co cal os voluntarios colaborarán na súa realización.

O aloxamento e a manutención corre a cargo da organización. O/a voluntario/a deberá pagarse o transporte para chegar ao momento de encontro correspondente.

Como inscribirse?: <http://www.seo.org/voluntariado-parques-nacionales-2015/>

Campos de voluntariado nas Illas Atlánticas

Xoves, 24 Setembro 2015 07:29



A **Oficina Ecocampus UAM** xunto a **Amigos da Terra** ofertan de novo este ano os **Campos de Voluntariado Ambiental** en **Parques Nacionais**. Unha iniciativa, promovida polo **Organismo Autónomo Parques Nacionais**.

Este ano os **Campos de Voluntariado Ambiental** desenvolveranse en **4 Parques Nacionais**:

Táboas de Daimiel

Illas Atlánticas de Galicia

Monfragüe

Sierra Nevada.

Illas Atlánticas: 4 campos de voluntariado:

Quenda 1 Illas Cíes. 3-6 marzo

Quenda 2 Illa Ons. 17-20 marzo

Quenda 3 Illa Cortegada. 7-10 abril

Quenda 4 Illa Sálvora. 21-24 abril

Admitiranse solicitudes a partir de xaneiro de 2016

Toda persoa maior de idade que queira participar terá que encher a ficha de solicitude. Nela veñen establecidas as condicións de participación.

O número total de voluntarios por quenda é de 6 persoas. As persoas que sexan seleccionadas recibirán información do Parque Nacional ao que asistirán e as actividades para desenvolver, así como das normas de participación e de seguridade.

Unha vez finalizado o *Campo de Voluntariado* farase entrega dun *Certificado de Asistencia* a todos os voluntarios que participasen neste *Plan de Sensibilización e Voluntariado na Rede de Parques Nacionais*.

Máis información e solicitudes: http://www.uam.es/servicios/ecocampus/especifica/part_campos.htm

Axudas para a realización de estudos universitarios en Galicia

Luns, 28 Setembro 2015 06:20



A *Consellería de Educación* convoca axudas destinadas a financiar os gastos da matrícula universitaria dos alumnado que inicie estudos universitarios no curso 2015/16 no **Sistema universitario de Galicia** conducentes á obtención dun título oficial de grao.

Importes das axudas

A dotación asignada a cada beneficiario/a será a do importe total da matrícula, incluídas as taxas de apertura de expediente e a expedición e mantemento de tarxeta de identidade, que será dun máximo de 862,90 euros para as titulacións encadradas dentro da *rama de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura* e dun máximo de 618,10 euros para as titulacións encadradas dentro da *rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas*.

Requisitos académicos

Acreditar unha cualificación nas probas de acceso á universidade (PAU) ou noutras ensinanzas que lle permita o acceso cunha nota media igual ou superior a 5 puntos e inferior a 5,5 puntos, excluindo a fase específica.

Estar matriculado por primeira vez en primeiro curso nunha universidade do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2015/16 dun mínimo de 60 créditos en ensinanzas conducentes á obtención dun título oficial de grao.

Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

Requisitos de carácter económico

Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 14.112,00 euros.
- Familias de 2 membros: 24.089,00 euros.
- Familias de 3 membros: 32.697,00 euros.
- Familias de 4 membros: 38.831,00 euros.
- Familias de 5 membros: 43.402,00 euros.
- Familias de 6 membros: 46.853,00 euros.
- Familias de 7 membros: 50.267,00 euros.
- Familias de 8 membros: 53.665,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391,00 euros por cada novo membro computable da familia.


O prazo para solicitar estas axudas estará aberto ata o **28 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <http://sede.xunta.es> co procedemento **ED441C**

Máis información no **DOG do 28 de setembro de 2015** e en www.edu.xunta.es

Intercambio multilateral Erasmus+ en Sicilia - Italia

Luns, 28 Setembro 2015 07:07



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é socia no proxecto "**Youth Violence Behaviors - 2.0 Threat**", que organiza o *Concello de Sant'Alessio Siculo (ME)*, *Sicilia en Italia*, no marco do programa **Erasmus+**, un programa que pretende mellorar o nivel de competencias e de capacidades básicas das persoas mozas, así como potenciar a dimensión internacional destes a través da participación en proxectos no estranxeiro.

O proxecto terá lugar en *Sant'Alessio Siculo (ME) (Italia)*, no que participarán mozos e mozas de dez asociacións e organismos públicos e privados de 10 países europeos . Un total de 50 persoas mozas de 10 países da Unión Europea terán a oportunidade de participar activamente no intercambio xuvenil, no que se levarán a cabo diferentes actividades.

O proxecto inspírase na idea principal de respecto á diversidade e ao sentimento da tolerancia, a prevención da violencia e o uso consciente das novas tecnoloxías e as redes sociais, a discriminación e a inclusión social, que expón as persoas mozas ás novas formas de violencia coñecido como acoso cibernético, sexting e as ameazas en liña. O obxectivo principal do proxecto é promover unha cultura de "*seguridade*" na rede: as boas prácticas difúndense amplamente e poden dar apoio a mocidade na súa sensación de benestar, na prevención da conduta antisocial e na minoración da marxinación, a discriminación e a exclusión.

Países participantes: Bulgaria, Portugal, Romanía, Hungría, Letonia, Eslovaquia, Estonia, Reino Unido, Italia e España.

Datas de realización do intercambio: do 20 ao 28 de outubro de 2015.

Destinatarios/as: persoas mozas residentes en Galicia entre 18 e 30 anos.

Prazas: 4 prazas.

Prazo de inscrición: do 27 de setembro ao 4 de outubro de 2015.

A inscrición realizarase mediante o envío do formulario electrónico dispoñible nesta páxina web dentro do prazo establecido. Soamente se admitirá una solicitude por participante. Os erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión de algún deles, poderá ocasionar a desestimación da solicitude.

Os/as participantes comprarán os billetes de traslado (ida e volta) desde o seu domicilio ata o lugar de aloxamento do intercambio en Sant'Alessio Siculo (ME) , pola súa propia conta, e seralles devolto o custo ata un máximo de 170 euros, coa presentación da factura a nome do participante e boarding pass (tarxetas de embarque) ou outros xustificantes de viaxe.

A organización do intercambio cobrará unha taxa de 100 euros por participante como cota de participación para o proxecto.

Admisión: Será por rigorosa orde de inscrición sempre ata cubrir a totalidade das prazas convocadas para o intercambio.

Os/as solicitantes seleccionados/as recibirán un correo electrónico de confirmación da praza. De non recibir confirmación desta aos tres días de finalizado o prazo de inscrición, entenderase que non obtivo praza para participar no intercambio.

Confirmada a praza nos 3 días seguintes laborables, os/as seleccionados/as deberán remitir a galeuropa@xunta.es a seguinte documentación:

- Factura e billetes de transporte ata o aeroporto italiano.
- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da Tarxeta Sanitaria Europea e póliza de seguro de viaxe, de accidente e de enfermidade.

Recibidas correctamente as copias dos documentos solicitados, aos/ás seleccionados/as facilitaráselles posteriormente os datos de contacto do coordinador que acompañará ao grupo, así como o lugar de encontro na cidade de realización do intercambio.

Se houbera algunha baixa despois da adxudicación das prazas, ofertarase aos seguintes na lista de espera, tendo que presentar estes a documentación precisa nun prazo de 3 días laborais trala comunicación.

Cobertura do intercambio:

- Aloxamento en réxime de pensión completa en cuarto de uso múltiple.
- Transporte local no ámbito do intercambio.
- Actividades organizadas pola entidade de acollida.

Máis información:

galeuropa@xunta.es

981 544 645 e 981 544 869

Incentivos á contratación das persoas mozas inscritas en garantía xuvenil

Martes, 29 Setembro 2015 06:23



A Consellería de Traballo e Benestar subvencionará o 100% do custo salarial dos contratos indefinidos ou o 50 % dos contratos temporais das persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil. Publicase no **DOG do 28 de setembro de 2015** unha modificación do **Programa de incentivos á contratación das persoas mozas** inscritas no *Sistema nacional de garantía xuvenil*.

Contías dos incentivos

As contratacións indefinidas incentivaranse cunha axuda equivalente ao 100 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social e calculado sobre dúas anualidades. Esta subvención non poderá ser superior á contía do salario establecida no convenio colectivo sectorial ou de empresa aplicable ao contrato que se subvenciona.

As contratacións temporais incentivaranse cunha axuda equivalente ao 50 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social. No suposto de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que concorran algún dos factores de exclusión social o incentivo será equivalente ao 60 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona.

O **prazo** xeral para a presentación das solicitudes das axudas estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **TR349I**

O **prazo** para a presentación das solicitudes das axudas estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

Máis información no **DOG do 28 de setembro de 2015** e en <http://traballo.xunta.es/>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos

Luns, 28 Setembro 2015 11:15

A **Escola de Béisbol e Sófbol dos Tilos**, no *Concello de Teo*, presenta a oferta deportiva para o curso 2015-2016, para nenos/as, mozos/as e pais e nais de calquera concello.



Equipo Alevíns mixto: de 6 a 11 anos
Equipo de infantís masculino: de 12 a 13 anos
Equipo Cadetes masculino: de 14 a 16 anos.
Equipo Softbol feminino: de 12 a 16 anos.
Equipo de pais e nais
Equipo Sénior masculino para maiores de 16 anos

Adestramentos

Alevíns os martes de 18:00 a 19:30 nos Tilos

Infantís e Cadetes: martes de 19:30 a 21:30 no pavillón dos Tilos e xoves de 19:00 a 21:00 na campo da Cañoteira.

Sóftbol feminino: lunes de 20:00 a 21:30 no pavillón da Ramallosa.

Equipo de pais e nais: sábados de 10:00 a 11:30 no pavillón dos Tilos.

Equipo Sénior: por determinar

Máis información no Club de Béisbol e Sóftbol Os Tilos.

www.facebook.com/cbsostilos

Teléfono 625 091 865 e 981 801 362

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a e de Director/a de actividades de tempo libre e Lugo

Xoves, 24 Setembro 2015 11:31



A **Escola de tempo libre Bugallo** convoca em Lugo os seguintes cursos:

Monitor/a de actividades de tempo libre:

Quenda de mañá do 26 de outubro ao 18 de decembro

Quenda de tarde do 13 de outubro ao 18 de decembro

Director/a de actividades de tempo libre.

Do 13 de outubro ao 24 de novembro.

Máis información na Escola de tempo libre Bugallo

Rúa Paxariños 30. Baixo
Lugo
teléfono 636 047 442

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña

Xoves, 24 Setembro 2015 11:33



A Escola Galega de tempo libre convoca na Coruña un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre

Datas: os sábados do 3 de outubro ao 27 de febreiro.

Máis información na Escola de Galega de tempo libre.

Ronda de Outeiro 60
A Coruña
teléfono 607 935 924 e 634 801 624

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Oroso

Xoves, 24 Setembro 2015 11:34



A Escola Galega de tempo libre convoca en Oroso un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre

Datas: os sábados do 3 de outubro ao 30 de xaneiro.

Máis información na Escola de Galega de tempo libre.

Teléfono 607 935 924 e 634 801 624

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Xoves, 24 Setembro 2015 11:36



A Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco convoca en Vigo un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 9 de outubro ao 29 de decembro.

Máis información na Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco.

Rúa Venezuela 3. Vigo
Teléfono 986 225 662

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Xoves, 24 Setembro 2015 11:37



A Escola de tempo libre Koremi convoca en Vigo un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 6 de outubro ao 2 de decembro.

Máis información na Escola de tempo libre Koremi

Rúa Cronista Rodríguez Elías, 2. Oficina nº 3. Vigo
Teléfono: 665 990 515

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Xoves, 24 Setembro 2015 11:38



A Escola de tempo libre Aika convoca en Vigo un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 17 de outubro ao 27 de febreiro, en quenda de fin de semana.

Máis información na Escola de tempo libre Aika

Rúa Torrecedeira nº 90, baixo (Vigo)
Teléfono: 886 112 484

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Ribeira

Luns, 28 Setembro 2015 08:59



A **ETL Illas Atlánticas** imparte un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre** organizado pola ANPA Caramcheiro do IES N° 1 de Ribeira.

Lugar de realización: nas instalacións do IES N° 1 de Ribeira (Unha aula para a parte teórica e o ximnasio cuberto para as dinámicas e xogos).

Enderezo: Avda. da Coruña, nº 170. 15960 Ribeira (A Coruña)

Horarios: O curso consta de 20 días con sesións de 10 horas diarias de 09 a 14 h e de 16 a 21 horas.

Datos do curso:

Outubro: 17, 24, 25 e 31.
Novembro: 7, 14, 15, 21 e 28.
Decembro: 5, 12, 19, 28, 29 e 30.
Xaneiro: 2, 9, 16, 17 e 23.

Prezo:

- Socios e socias da ANPA: 220 €
- Alumnos e alumnas do IES N° 1: 235 €
- Interesados e interesadas en xeral: 250 €

Número de participantes.

Mínimo: 20 alumnos/as.
Máximo: 25 alumnos/as.

Máis información na ETL Illas Atlánticas.

Lugar de Touro 1, baixo
15960 Ribeira.
A Coruña
Teléfono 630 065 790
www.escoladasillas.com

BOLSAS E AXUDAS → FORMACION PRACTICA

Formación archivística, documental e bibliotecaria no Senado

Mercores, 23 Setembro 2015 07:40



SENADO

O **Senado** convoca **15 bolsas de formación archivística**, documental e bibliotecaria, dirixidas a mozos titulados que desexen especializarse nestes campos.

As bolsas outórganse cunha duración dun ano (dende o **1 de xaneiro** ata o **31 de decembro de 2016**) e consistirán en doce pagamentos de 800 € brutos.

Requisitos:

Título oficial universitario en Biblioteconomía e Documentación.

Licenciados universitarios españois e doutros países membros da Unión Europea que reúnan as tres condicións seguintes:

- ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1988.
- acreditar ter cursado estudos en materias archivísticas, bibliotecarias ou documentalistas durante polo menos 200 horas lectivas.
- non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **23 de outubro de 2015**.

Máis información no BOE do 23 de setembro de 2015 e en www.senado.es

Bolsas de comunicación institucional no Senado

Mercores, 23 Setembro 2015 07:46

O **Senado** convoca **tres bolsas de formación sobre comunicación institucional, interna e externa**, dirixidas a mozos licenciados que desexen especializarse neste campo.



SENADO

As bolsas outórganse cunha duración dun ano (dende o **1 de xaneiro** ata o **31 de decembro de 2016**) e consistirán en doce pagamentos de 900 €.

Requisitos:

licenciados universitarios en Xornalismo español ou ben os posuidores dun título de Grao Oficial equivalente, que reúnan as dúas condicións seguintes:

- a) ter nacido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1988.
- b) non ter gozado en anos anteriores da mesma bolsa do Senado.

O **prazo** para a presentación de instancias estará aberto ata o día **23 de outubro de 2015**.

Máis información no BOE do 23 de setembro de 2015 e en www.senado.es

- Messenger ou bolso maletín de oficina.
- Bolso bandoleira mediano.
- Bolso bandoleira pequeno.
- Weekender ou bolso de viaxe.
- Mochila.
- Un modelo libre.

Premios:

- Primeiro premio: 1000 € + a produción e comercialización da colección.
- Segundo premio: 500 € + a produción e comercialización da colección.

Prazo: os deseños poden presentarse ata o **29 de novembro de 2015**.

Más información:

Casual Accessories SL
Ronda General Verdú, 2
03640 Monóvar (Alicante)
concurso@isafi.es
<http://isafi.es/concurso-emprende-el-diseno-ii-by-coronel-tapiocca/>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

II Concurso Nacional Emprende o Deseño

Xoves, 24 Setembro 2015 10:24



O Grupo ISAFI convoca o seu **II Concurso Nacional Emprende o Deseño**.

Poderán participar no concurso todos aqueles maiores de idade que, cun mínimo dunha proposta e un máximo de 5, atópanse emprendendo no campo da moda. Valorarán positivamente os traballos daquelas persoas que actualmente non estean a deseñar para outras marcas e atópanse nun verdadeiro proceso de emprendimento.

Nesta nova edición, darán a oportunidade aos deseñadores emprendedores de deseñar produtos para a mítica marca **Coronel Tapioca**. Queren proporcionar oportunidades a aqueles talentos que, debido á situación actual, viven dificultades para desenvolverse como profesionais no campo do deseño e a moda.

Pódense presentar a concurso de 1 a 5 coleccións por persoa. A colección corresponde á tempada *outono/inverno 2016/17*. Valorarase positivamente as ideas sinxelamente realizables, coa combinación dun máximo de 3 materiais en cada produto. Cada colección debe estar composta polos seguintes artigos:

4ª Edición Premio literario La Caixa/plataforma

Venres, 25 Setembro 2015 07:47

Dirixidoa a rapaces entre **14 e 25 anos**, as obras deben ser do **xénero xuvenil**. Deben ter unha extensión entre 80 e 400 páxinas. O premio será de 3.000 euros.

Máis información www.plataformaneo.com/lacaixa

I Concurso Comunicar en Igualdade

Martes, 29 Setembro 2015 07:32

A *Secretaría Xeral de Igualdade* convoca o **I Concurso Comunicar en Igualdade** baixo as seguintes modalidades:

- a) Premio para profesionais do xornalismo.

b) Premio para o alumnado universitario.

Premio para profesionais do xornalismo



1. Nesta categoría outorgarase un premio ao mellor traballo informativo ou serie de pezas publicadas, individual ou colectivamente, baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e de sensibilización e axeitado tratamento informativo sobre a igualdade de xénero ou sobre o fenómeno da violencia de xénero.

2. Os traballos, orixinais e en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e deberán ter sido publicados ou emitidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014 nalgún medio de comunicación (xornais, radios, televisión ou páxinas web) con influencia no ámbito galego.

3. O premio terá unha dotación de 2.000 €.

Premio para alumnado universitario

1. Nesta categoría poderá participar calquera alumna ou alumno con matrícula nas facultades galegas de Xornalismo, Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas no ano 2014.

2. O premio outorgarase ao mellor traballo baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e axeitado tratamento desde a perspectiva de xénero. Os traballos, en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e aínda que non é condición indispensable que os orixinais fosen publicados previamente, o xurado valorará esta circunstancia.

3. O premio terá unha dotación de 1.000 €.

O prazo para a presentación dos traballos estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **SI437B**

Máis información en <http://igualdade.xunta.es/gl/programas/concurso-comunicar-en-igualdade>

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

Concurso de postais Time to Move

Venres, 25 Setembro 2015 11:50



Os mozos europeos de entre **13 e 30 anos** están convidados a enviar as súas postais antes do **4 de outubro** ou ben pola páxina web de **Time To Move** ou pola páxina de Facebook de Eurodesk. O obxectivo é recompilar postais creativas de diferentes localizacións de toda Europa. Todas as técnicas creativas como colaxe, debuxo, pintura, deseño gráfico, etc. son benvidas.

As persoas que visiten estas páxinas poderán votar as súas postais favoritas. Ao finalizar o concurso, Eurodesk seleccionará os dous participantes dos vinte que máis gústame teñan. Os dous gañadores recibirán **un billete de tren InterRail de 22 días para viaxar por Europa**.

O concurso está organizado por **Eurodesk** e patrocinado por **InterRail**. É parte da campaña **Time to Move**, dedicada a informar á mocidade sobre todas as posibilidades que dispoñen de mobilidade internacional. A campaña terá lugar do **21 de setembro ao 4 de outubro de 2015**.

Atoparás máis información en timetomove.info

Poderás atopar todos os puntos de información de Eurodesk en Eurodesk.eu

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Xuíz/a de paz titular de Guitiriz

Martes, 22 Setembro 2015 08:42

O **Concello de Guitiriz** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz titular do concello**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 22 de setembro de 2015 e na **OMIX de Guitiriz**, teléfono 982 370 109.

Convocadas 50 prazas de Axente da Facenda Pública

Mercores, 23 Setembro 2015 08:06

O **Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 23 de setembro de 2015. www.boe.es

Convocada 1 praza temporal de titulado en Bioloxía para a UDC

Mercores, 23 Setembro 2015 08:06

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **22 de setembro**, na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro informático na UDC

Mercores, 23 Setembro 2015 08:07

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (2 meses) como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **23 de setembro**, na páxina www.udc.es

Convocada 1 praza temporal de enxeñeiro ou graduado informático na UDC

Mercores, 23 Setembro 2015 08:07

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (13 meses e 16 días) como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **23 de setembro**, na páxina www.udc.es

Convocada bolsa de emprego de profesores técnicos de soldadura

Mercores, 23 Setembro 2015 08:08

A **Consellería de Educación de Andalucía**, convoca esta **bolsa de emprego do Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **5 de outubro de 2015**. **Máis información BOJA do 23 de setembro**.

Convocada bolsa de emprego de profesores de fabricación e instalación de carpintería

Mercores, 23 Setembro 2015 08:09

A **Consellería de Educación de Andalucía**, convoca esta bolsa de **emprego do Corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **5 de outubro de 2015**. **Máis información BOJA do 23 de setembro**.

Convocadas 9 prazas de persoal laboral no Concello de Fuenlabrada (Madrid)

Venres, 25 Setembro 2015 07:40

As prazas convocadas polo sistema de concurso-oposición, son: **1 de oficial de mantemento, 1 de oficial de obras, 5 de condutor e 2 de fontaneiro**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 24 de setembro de 2015. www.boe.es

Convocadas 12 prazas administrativas no Concello de Fuenlabrada (Madrid)

Venres, 25 Setembro 2015 07:41

As prazas convocadas polo sistema de concurso-oposición, son: **8 de auxiliar administrativo e 4 de administrativo**. O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 24 de setembro de 2015. www.boe.es

Convocada 1 praza de auxiliar-administrativo por concurso-oposición no Concello de Silleda

Venres, 25 Setembro 2015 07:42

A praza está convocada polo sistema de concurso-oposición. O prazo de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOPPO.

Máis información www.boe.es

Convocadas bolsas de emprego de persoal de servizos, cociñeiros/as, enfermeiros/as e fisioterapeutas

Venres, 25 Setembro 2015 07:43

A **Junta de Castela e León**, convoca estas bolsas de persoal laboral temporal. O prazo de presentación de solicitudes é ata o **2 de outubro de 2015**.

Máis información Boletín Oficial da Junta de Castela e León do 25 de setembro.

Persoal para a Deputación de Ourense

Luns, 28 Setembro 2015 10:58

A **Deputación de Ourense** necesita contratar o seguinte persoal:

un chófer-operario do lixo para a zona da Baixa Limia.

un chofer para a brigada de regas da zona de Valdeorras.

dous legoeiros para a brigada da zona de Viana do Bolo.

un mestre de canto e pandeireta (tempo parcial).

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 28 de setembro de 2015 e na **Deputación de Ourense**, Teléfono: 988 317 500.

www.depourense.es

NOVAS DE EMPREGO ▶ EMPREGO PRIVADO

Ofertas Servizo Público de Emprego 25/09/2015

Venres, 25 Setembro 2015 07:33

Operadores de máquina industrial de coser á plana, agás peletería, calzado, marroquinería e guantería de pel

- Localidade: Val do Dubra (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2015/9464

- Data: 25/09/2015

- Requisitos: necesitase operador/a de máquina plana ou de coser e bordar para a zona do Val do Dubra (A Coruña).

Proxectistas de carpintería e moble

- Localidade: Cambados (Pontevedra)

- Nº oferta: 12/2015/10536

- Data: 25/09/2015

- Requisitos: imprescindible: 2 anos de experiencia como presupuestador de traballo de PVC e manexo demostrable dalgún destes programas: sicar, preference, gesfacil, gaia ou semellantes.

Importante: non se considerarán as solicitudes que non cumpran os requisitos.

Condutores-operadores de maquinaria forestal con motor, en xeral

- Localidade: Neda (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/10614
- Data: 25/09/2015
- Requisitos: precísase condutor/a-operador/a de tractor forestal-grúa, con carné CE, para traballar en Neda durante 1 ano a xornada completa.

Profesores de idiomas, en xeral

- Localidade: Lugo
- Nº oferta: 12/2015/10678
- Data: 25/09/2015
- Requisitos: necesítase profesor/a de chino mandarín para nenos de 3 anos e para adultos.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net